

FAIBEN
Fundación
de Apoyo á
Infancia e
ao
Benestar

2016

MEMORIA

PROGRAMA CASAS DE FAMILIA

1. [PROGRAMA CASAS DE FAMILIA](#)

Descrición

FAIBEN, ten como modelo residencial para os nenos en situación de desprotección AS CASAS DE FAMILIA, **que son vivendas normalizadas onde conviven 8 nenos e nenas** con catro educadores, **reproducindo así un modelo familiar**, onde os nenos ademais de ter un referente adulto estable, **atopan un clima de protección afectivo e seguro.**

Dende nosas casas de familia, seguimos mantendo con forza a necesidade de traballar cos nenos dende unha perspectiva afectiva que cubra as carencias emocionais que moitas veces traen e creando un clima de seguridade que de por si conseguira aumentar a AUTOESTIMA DO NENO.

Para elo coidamos de que o persoal das casas sexa o mais estable posible, , sendo a casa de Rosalía a que ten unha directora que conta con mais de 20 anos de experiencia continuada.

Trabállase directamente coas familias daqueles nenos, que poden volver a súa casa, dende unha posición de colaboración e esixencia, e en rede con outros axentes sociais a fin de que a estancia dos nenos sexa a necesaria, e se poida atopar canto antes unha solución definitiva.

Cos nenos que a súa situación familiar non sexa un referente valido se traballa a súa saída en outras modalidades Acollemento ou Adopción, **sen dar por perdida ningunha delas por difícil que nun primeiro momento poidan parecer.**

Destinatarios

- Nenos e nenas con idades entre 0 e 18 anos (nalgúns casos por riba desta idade) que están nunha situación familiar de risco e precisan que a Administración asuma a súa garda ou tutela.

Características principais das Casas de Familia


- Están situadas nun **barrio normalizado**, que permite a integración social e a sociabilización dos nosos nenos con iguais das súas idades en igualdade de condicións.
- Están dotadas co equipamento preciso para desenvolver ao máximo as **potencialidades de cada neno/a**.
- **Contan con adultos de referencia que en algunha casa viven de xeito continuado, e** os horarios están en función das necesidades dos nenos fuxindo do sistema de quendas.
- **Ofrecen un trato personalizado, afectivo e respectuoso cos nenos e as súas familias, proporcionando un clima de seguridade que lle permite aos nenos expresarse de xeito libre e natural, conquerindo con elo potenciar as súas habilidades e aumentar a seguridade en si mesmos.**
- Proporcionan aos nenos e nenas actividades de ocio e culturais que lles permiten ir enchendo a vida de experiencias positivas que levaran na súa retina gravadas cando sexan maiores e poderán reproducilas no momento que precisen.
- Están abertas a sociedade e os nenos poden traer a seus amigos a casa e sentirse orgullosos dela.
- Os Educadores, **dispoñen da titulación e preparación axeitada** e traballan en rede con outros axentes para conseguir canto antes unha solución familiar definitiva,
- Ao mesmo tempo cóntase cunha formación continua para poder saber afrontar os novos problemas que se presentan na sociedade actual.

RESULTADOS DO ANO 2016

Ao longo destes oito últimos años FAIBEN, atendeu no programa Casas de Familia a 93 nenos e nenas, que sumados aos 56 que se atenderon en períodos anteriores na Casa de Rosalía, fan un total de **149 nenos**.

124 destes nenos foron baixa no programa hacia diferentes solucións como veremos máis adiante.

Neste ano 2016, empezouse o ano con 26 nenos, houbo 11 altas e 13 baixas, co que se atenderon nas casas de familia a 37 nenos, cun nivel de rotación dun 35%, mantendo a media interanual nun 30%.



NENOS ATENDIDOS NO PERÍODO 2009-2016 NAS CASAS DE FAMILIA DE FAIBÉN E MOTIVO DE BAIXA

	ROSALIA										G. BARBÓN										RIVEIRA										TOTAL FAIBÉN	
	95-08	09	10	11	12	13	14	15	16	TO	09	10	11	12	13	14	15	16	TO	10	11	12	13	14	15	16	TO					
ATENDIDOS	56	11	11	10	10	9	8	13	10	78	8	9	11	8	11	9	12	8	29	11	9	13	15	13	13	18	42	149				
ALTAS	56	5	3	2	2	3	0	6	1	78	8	2	4	1	4	2	8		29	11	0	5	7	5	4	10	42	149				
BAIXAS	50	3	3	2	4	1	1	4	3	71	1	2	4	1	4	5	4	2	23	2	1	5	7	4	3	8	30	124				
	MOTIVO BAIXAS ROSALIA										MOTIVOS BAIXAS G. BARBON										MOTIVOS BAIXAS RIVEIRA											%
INTEG. FAM.	16	2	2		2			2		24	1	1			1	2	3		8			2	5	3	1	7	18	50	40,3%			
ACOLL.FAM.	4						1		3	8								2	2		1		2		2	1	6	16	12,9%			
ADOPCIÓN	17		1	2	1	1		1		23		1	1		1	1			4								0	27	21,8%			
AUTONOMÍA	9	1						1		11			2	1		1			4								0	15	12,1%			
TRAS. CEN.	4				1					5			1		2	1	1		5	2		3		1			6	16	12,9%			
	50									71									23								30	124				


NENOS ATENDIDOS NAS CASAS DE FAMILIA DE FAIBÉN, E MOTIVO DE BAIXA, NO 2016

	ROSALÍA	G. BARBÓN	RIVEIRA	TOTAIS 2016	
ATENDIDOS	10	8	18	36	
ALTAS	1		10	11	
BAIXAS	3	2	8	13	
MOTIVOS BAIXA					%
INTEG. FAM.			7	7	53,8%
ACOLL.FAM.	3	2	1	6	46,2%
ADOPCIÓN				0	0,0%
AUTONOMÍA				0	0,0%
TRAS. CEN.				0	0,0%

BAIXAS NAS CASAS DE FAMILIA 2009-2016


CASA FAMILIA ROSALIA (total 71; 95-08=50)

NENOS DADOS DE BAIXA EN ROSALÍA: 1998 - 2016




CASA DE FAMILIA GARCIA BARBÓN (total=23)

NENOS DADOS DE BAIXA EN G. BARBÓN: 2009-2016




CASA DE FAMILIA DE RIVEIRA(total=30)

NENOS DADOS DE BAIXA EN RIVEIRA: 2010-2016




TOTAL BAIXAS NO 2016 E CASUÍSTICA

NENOS DADOS DE BAIXA EN FAIBÉN - 2016



BAIXAS TOTALES NAS CASAS DE FAMILIA (2009-2016)

NENOS DADOS DE BAIXA NAS CASAS DE FAMILIA FAIBÉN




<u>INTEGRACION FAMILIAR</u>	50	40%
<u>ACOLLEMENTO FAMILIAR</u>	16	13%
<u>ADOPCION</u>	27	22%
<u>AUTONOMIA</u>	15	12%
<u>TRASLADO CENTRO</u>	16	13%
<u>TOTAL</u>	124	

Datos a destacar do traballo realizado no ano 2016

Durante o ano 2016 o equipo educativo de Fai Bén seguiu a desenvolver a súa labor protectora e de promoción, en coherencia cos principios propios da entidade. As actividades no día a día do acompañamento protector teñen sentido para acadar os obxectivos recollidos no PEI (Proxecto Educativo Individualizado), composto polas seguintes áreas:

1. Desenvolvemento Físico.
2. Desenvolvemento Cognitivo e Intelectual.
3. Desenvolvemento Emocional.
4. Desenvolvemento da Personalidade.
5. Contexto Familiar.
6. Contexto Escolar.
7. Contexto de Lecer.
8. Contexto Residencial.

O grao de consecución destes obxectivos no conxunto das casas de familia de Fai Bén aparece na seguinte gráfica.



1. Desenvolvemento Físico.

Os nenos contan co seguimento médico-sanitario e na casa de familia se educa nos hábitos saudables, en canto a alimentación equilibrada e descanso suficiente.

2. Desenvolvemento Cognitivo e Intelectual.

Moitos dos nenos que ingresan nas casas de familia precisan mellorar a súa maduración. O equipo educativo estimula a comprensión, a reflexión, a concentración e todos aqueles aspectos que axuden ao progreso mental. É de destacar o alto número de nenos con Necesidades Educativas Especiais, que no 2016 foi dun total de 17.

3. Desenvolvemento Afectivo e Emocional e,

4. Desenvolvemento da Personalidade e Actitudes.

Seguen a ser as áreas onde os nenos presentan as principais dificultades. Nas Casas de Familia se aporta un ambiente de cariño e respecto que fomenta a seguridade e as habilidades precisas para a convivencia familiar. Os nenos desenvolven roles positivos e aprenden a construír relacións baseadas na confianza. Os nenos que o necesitan, no 2016 un total de 20, contan con apoio psicolóxico-terapéutico especializado.

5. Contexto Familiar.

Con máis do 50% dos nenos das Casas de Familia se traballa coa perspectiva da reintegración na súa familia. Se a isto sumamos os casos de acollemento en familia extensa, estamos ante 2 de cada 3 posibles saídas, é dicir, o 66% das mesmas. O papel dos educadores é colaborar en que o ambiente físico e emocional e as habilidades dos proxenitores estean dentro de parámetros de protección e crianza positiva. Aínda que nalgúns casos non é doado provocar un cambio, a perspectiva é explorar ao máximo as posibilidades da reintegración familiar como primeira opción para a saída dos nenos/as e adolescentes.

6. Contexto Escolar e Formativo.

En Faibén, máis do 75% dos nenos melloraron a súa situación escolar durante o ano 2016. Este é un aspecto moi importante pola experiencia de éxito e responsabilización que supón. Os nenos precisan dunha educación baseada no esforzo que, con apoio, se ve recompensada coas calificacións escolares e a valoración de profesores e educadores. Esta mellora supón ademáis un reforzo positivo que dispara a autoestima e a capacidade de superación (resiliencia), influíndo no desenvolvemento das outras áreas. Hai que ter en conta as especiais dificultades polas circunstancias familiares que lles teñen tocado

vivir, e o alto número de nenos e nenas con Necesidades Educativas Especiais que, como xa se comentou, no ano 2016 foi de 17. O educador/a de referencia mantivo, alomenos, 3 reunións anuais co tutor/a do centro educativo.

7. Contexto de Lecer.

Faibén segue a apostar por experiencias de **ocio normalizadas**, que sirvan para a inclusión destes nenos. Pero tamén como modelo para que, na súa adultez, as podan repetir nas súas experiencias paternas.

As actividades máis significativas do 2016 foron:

- Turismo rural.
- Parque acuático.
- Viaxes e visitas a Portugal (Porto, Vilanova de Cerveira, Aveiro, Guimaraes, Braga) e a pobos e cidades significativas de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña, Fisterra, Cedeira, San Andrés de Teixido, ...).

Dentro desta dinámica inclusiva, o 80% dos nenos das casas de familia de Faibén estiveron a participar en actividades deportivas da contorna: equipos federados, piscina, ximnasio e actividades extraescolares.

No período de verán, varios nenos participaron en campamentos organizados pola Xunta de Galicia, e tamén é de destacar que cada casa de familia contou cun período de 15 días en Cangas do Morrazo, con acceso inmediato as praias e centro da vila.

8. Contexto Residencial.

O contexto da casa de familia está inmerso nos principios que defende Faibén. Se crea un clima afectivo e educativo de cariño, respecto e esforzo, con límites claros que axudan a manter relacións constructivas e satisfactorias. Esta é o xeito de que a vida na casa de familia non esté teñida de incidencias e, máis importante, aporta hábitos aos nenos: ordenar, recoller, respectar horarios, cociñar, fregar, entre outros.

Os resultados acadados foron grazas a un esforzo por singularizar a cada neno e darlle a resposta necesaria, estando moi atentos a temas tan importantes como os escolares e de saúde, á normalización na vida cotiá, e a aposta pola autonomía persoal dos nenos, xa que pronto terán que enfrontarse a situacións vitais que outros poderán asumir con máis tempo.

A necesidade dun traballo en equipo fai que os membros de cada casa se teñan que reunir con frecuencia para por en común o abordaxe educativo con cada neno

e o traballo en rede con outros intervincentes coa familia do mesmo (Equipos Técnicos do Menor, Servizos Sociais de Base, Equipos Especializados ..).

Como resultado do apoio prestado no conxunto das áreas do PEI, a estancia media dos nenos e adolescentes en Faibén está pouco por riba dos 2 anos. Éste é o límite que se establece como referencia, axeitada para que un neno resida nun recurso diferente a unha familia, previndo situacións non desexadas derivadas da institucionalización.

- **ACTIVIDADES PARA AXILIZAR A DESINSTITUCIONALIZACION**

Como se marcou na programación do 2016, se fixo un plan de traballo coas familias coas que se pretendía que os nenos se integraran, apoiando as actividades que facilitaban o proceso de resolución dos problemas familiares ou proponendo outras saídas.

- **Actividades coas familias:**

- Fixéronse plans de traballo coas familias de Riveira coas que se integraron os nenos, en concreto 7, o que implicou 5 plans de traballo que trouxeron consigo reunións coa familia e visitas ao domicilio familiar.
- Tráballouse cos equipos de Integración e os Servizos Sociais de Base de Riveira e Porto do Son para afianzar as reintegracións.
- Coñecemos as familias extensas dos nenos que non podían ir directamente cos seus pais, e con iso conseguíuse que 5 nenos se foran en acollemento familiar con tíos, (3 tíos maternos, 2 tíos paternos) o que implicou un traballo coordinado con eles para ir pautando normas e un acompañamento aos mesmos para que a integración se dera nas mellores condicións. Dous nenos de 18 meses e dous anos, se foron a Sevilla con dúas familias, tío e tía materna coas súas respectivas parellas e fillos. Para conquistar isto, ademais de moita relación anterior, se desprazaron os educadores de referencia cos nenos a Sevilla e estiveron alí durante catro días para apoiar directamente esta integración, e se fixo un acompañamento constante durante todo o 2016, viaxando dúas veces a velos e acompañar a esta familia.

- Con dous irmáns, un adolescente de 15 anos e seu irmán con trastorno de déficit de atención, traballouse durante todo o ano cunha tía paterna e seu marido (hoxe falecido) a incorporación mantendo un constante apoio sobre todo co adolescente polos problemas de conduta que presentaba. Seguiuse o acompañamento durante todo o ano 2016 e se mantén na actualidade.
- Outro neno de 4 anos foise cunha tia materna, e traballouse con ela e a súa irmá (da que viña o neno de estar en acollemento familiar e reixeiouse) para poder integralo, acompañando o proceso durante todo o 2016 e na actualidade.

– **Traballo en rede:**

- **Traballo cos Equipos Técnicos do Menor** das Delegacións de Vigo, Ourense e Coruña.
- Traballo cos **traballadores/as sociais de base** dos Concellos da Illa, Pontevedra, Vigo, Riveira, A Pobra, Porto do Son.
- Traballo co Colectivo Galego do Menor.
- **Traballo cos Equipo de Integración de Meniños** de Vigo e Coruña
- Traballo co Equipo de 1ª Infancia do Concello de Vigo
- Traballo cos profesionais de Saúde Mental Infanto-Xuvenil, de Santiago, Riveira e Vigo
- **Traballo continuado con todos os profesores e titores dos nenos**

SITUACIÓN DE PARTIDA EN XANEIRO DO 2017:

En Xaneiro de 2017, o total de nenos, nenas e adolescentes é de 27, nunha estrutura vertical en idades que permite o establecemento de roles e relacións constructivas.

Según a perspectiva de saída:

PREVISIÓN DE SAÍDA								
	ROSALÍA		G. BARBON		RIVEIRA		TOTAL	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
INT. FAMILIAR	3		1	1	1	5	5	6
PEND. ADOPC	1	1	1			1	2	2
ACOLLEM. FAM. EXT.	1	2	2	3	2		5	5
AUTONOMIA		1				1		2
TOTAIS	5	4	4	4	3	7	12	15
							27	

Os nenos e nenas con Necesidades Educativas Especiais:

NECESIDADES EDUCATIVAS								
TOTAL 27	ROSALÍA		G. BARBON		RIVEIRA		TOTAL	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
NEC. ED. ESP.	3	1		3	2	1	5	5
TRAT. SAU. MENT.	3				2	5	5	5


A distribución por curso escolar, é a que segue:

DISTRIBUCIÓN POR CURSO ESCOLAR								
	ROSALÍA		G. BARBON		RIVEIRA		TOTAL	
	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas	Nenos	Nenas
INFANTIL	1			1			1	1
1º PRIMARIA	1						1	0
2º PRIMARIA			1			1	1	1
3º PRIMARIA							0	0
4º PRIMARIA						1	0	1
5º PRIMARIA			1	1		1	1	2
6º PRIMARIA				1			0	1
1º ESO	1		1	1		2	2	3
2º ESO		1		1			0	2
3º ESO	1	1			1		2	1
4º ESO		1					0	1
FP BÁSICA					2	1	2	1
FP MEDIA		1				1	0	2
ED. ESPECIAL	1						1	0
							27	

ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO PROGRAMA DE CASAS DE FAMILIA:

- NENOS, NENAS E ADOLESCENTES.

SATISFACCIÓN Casas de Familia: NENOS E NENAS - 2016




A valoración é moi positiva en xeral. Os aspectos máis valorados polos nenos teñen que ver coa labor dos educadores, en especial o apoio á súa familia, o seu cariño e respecto, e a súa capacidade de escoita e de telos en conta. Todas elas obteñen puntuacións cercanas a 6, nunha escala de 1 a 6.

Os aspectos menos valorados son a convivencia, a comida e as normas e disciplina, aínda que con puntuacións altas (máis de 4). Creemos que os dous primeiros son aspectos puntuais que debemos vivir pero que responden a momentos moi concretos en cada casa de familia. Como exemplo, os menús se están a facer máis dacordo cos seus gustos, pero sen perder de vista a variedade e necesidade de alimentación sa e equilibrada.

- EQUIPOS TÉCNICOS DO MENOR.

ENQUISA SATISFACCIÓN: EQUIPOS TÉCNICOS DO MENOR - 2016




O promedio de valoración xeral se atopa nun termo medio, con puntuacións moi variables. Dase un contraste de opinións positivas contra outras negativas.

Os aspectos máis valorados son os elementos materiais e a seguridade.

Os aspectos menos valorados son a empatía, a capacidade de resposta e a fiabilidade, sendo, de todos os xeitos, puntuacións positivas de máis de 6 nunha escala de 1 a 10.

- EDUCADORES/AS.

SATISFACCIÓN Cdf Faibén: RRHH - 2016



A valoración é positiva en xeral.

Os aspectos máis valorados son a orientación aos nenos e nenas, o empoderamento, o bo clima, a fidelidade á organización, e a implicación.

Os aspectos menos valorados son a retribución e beneficios, a obtención de feedback, a formación, o coñecemento interno da organización e a innovación.